



Expediente 16866/407

ORZAMENTO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO 2025

MEMORIA

O Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo para o exercicio 2025 ascende ós 12.174.969,64 euros, un 6,7 % superior ó de 2024, e se fundamenta esencialmente nos seguintes elementos e obxectivos:

En primeiro lugar, este Orzamento posibilitará o arranque da execución do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, tanto polo que se refire a súa xestión directa como ao planeamento de desenvolvemento en determinados ámbitos. As consignacións orzamentarias permitirán a redacción de determinados Plans especiais e tramitación de proxectos expropiatorios e de urbanización, destacando o da Panificadora.

En segundo lugar, mantense o financiamento do “Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio” do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea (fondos NextGenerationEU), como consecuencia do Acordo asinado o pasado 11.05.2023 co Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana e co Instituto Galego da Vivenda e Solo. No Orzamento 2025 consígnanse de novo máis de 2 millóns de euros destinados á rehabilitación edificatoria, á rexeneración urbana e ó propio funcionamento da Oficina de Rehabilitación.

En terceiro lugar, este Orzamento permitirá avanzar nos traballos de revisión do Plan do Ensanche, a redacción do proxecto de execución do edificio dotacional e residencial de Barreiro e o inicio da construción dun edificio de 27 vivendas para alugueiro social na parcela municipal de Esturáns. Este investimento financíase parcialmente pola Unión Europea, de novo a través de fondos NextGenerationEU (neste caso a través do programa de axudas á construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes).

En cuarto lugar, presupóntase tamén - ademais das axudas de accesibilidade – axudas para adecuación de vivendas baleiras destinadas ó alugueiro social.

Por último, o conxunto das consignacións deste Orzamento, en especial as dos capítulos I (gastos de persoal) e II (gastos en bens correntes e servizos), permiten garantir o funcionamento dos servizos deste Organismo Autónomo e desenvolver as funcións e competencias que lles son propias.

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO**CONCELLO
DE VIGO**

O Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo verase complementado en 2025, tanto no capítulo de ingresos como de gastos, pola incorporación de remanentes e a xeración de créditos con cargo a ingresos derivados da xestión do PMS. Este financiamento adicional, xunto as consignacións iniciais previstas neste Orzamento, permitirá dar cumprimento e iniciar a execucións das previsións do novo Plan Xeral.

O orzamento de ingresos para 2025 medra un 6,7%, destacando o incremento do 25% nos ingresos do capítulo 3, como consecuencia do bo comportamento da recadación de taxas e sancións urbanísticas neste exercicio 2024 (na taxa de licenzas de obras a 30 de setembro xa se tiña incrementado un 23% a recadación do ano 2023). Mantense o financiamento externo provinte dos fondos europeos: máis de tres millóns de euros entre o capítulo 7 e 8 (remanente de tesourería afectado ERRP). A transferencia municipal crece un 2,5%, acadando os 6,1 millóns de euros (capítulo 4).

En conclusión, este proxecto de Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo para 2025 contén as consignacións orzamentarias necesarias para atender todas as obrigas contraídas por este organismo e impulsar novas accións co obxectivo de ser un instrumento útil para un eficiente desenvolvemento urbanístico e para a promoción de vivendas sometidas a réxime de protección.

Vigo, na data da sinatura electrónica

María José Caride Estévez, Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda e Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo